

Poboación

A 01.01.2019, os datos facilitados polo INE indican que a poboación de Galicia era de 2.700.300 persoas, o que supón un descenso de poboación ao longo de 2018 de -2.718 persoas (o -0,1% do total). Tal e como está a ser a tendencia destes últimos anos, este descenso é menor ao rexistrado no ano anterior, é dicir, a poboación continúa a reducirse pero o fai cada vez a menor ritmo. Un ano máis, a causa do descenso rexistrado reside no valor negativo do saldo vexetativo (nacementos - defuncións) que, con -15.854 persoas, foi en 2018 o máis negativo de España en relación coa poboación de cada Comunidade. Trátase dunha tendencia que estase a acelerar co paso dos anos e, en 2018, o saldo vexetativo negativo incrementouse nun 17% respecto do ano anterior.

A migración tanto exterior como interior presentou valores positivos por primeira vez nos últimos anos; a migración exterior amosou por quinto ano consecutivo un valor positivo, incrementándose nun 85% respecto á rexistrada en 2017 e a migración interior amosou un saldo positivo por primeira vez desde o ano 2012. Con todo, o saldo total do descenso de poboación en Galicia no 2018 sitúa de novo a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma que máis poboación perde en relación co seu número de habitantes.

Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2019

	Poboación a 1 de xaneiro de 2019 (*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2018	Saldo segundo semestre 2018			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.700.300	2.703.149	-15.854	12.884	252	-2.718
España	46.934.632	46.658.447	-56.262	333.672	0	277.410

Fonte: INE / (*) Datos provisionais

Produto interior bruto


O PIB galego incrementouse no primeiro trimestre de 2018 en 0,4 décimas (0,7 en España), o que se traduce nun incremento interanual dun 2,3%, incremento que fica unha décima por baixo do rexistrado no PIB estatal. Neste trimestre, polo tanto, mantense a tendencia descendente no incremento do PIB interanual galego, que cae oito décimas desde o valor rexistrado fai 12 meses.

En liña co sinalado no parágrafo anterior, o dato adiantado para o PIB estatal no 2º trimestre de 2019 dun crecemento do 0,5% no trimestre e do 2,3% en taxa interanual, apunta a que prosegue a desaceleración do crecemento do PIB a nivel estatal.

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2012-2019 (*)

	% (T/T-4)	2014	2015	2016	2017	2018	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19
Galicia		1,3	2,4	3,1	3,1	2,8	1,6	2,5	3	3,6	3,5	3,3	3,6	3,1	3,2	3,2	3,2	3,1	3,1	2,9	2,5	2,6	2,3
España		1,4	3,6	3,2	3,0	2,6	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,9	3,1	2,9	3,1	2,9	2,6	2,5	2,3	2,4

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do segundo trimestre de 2019, a poboación activa de Galicia se incrementou en 5.000 persoas respecto do primeiro trimestre (en termos porcentuais, un 0,4%, fronte a un 0,9% en España no período de referencia). Respecto do segundo trimestre de 2018, a poboación activa en Galicia reduciuse en -11.700 persoas, mentres que no conxunto de España incrementouse en 201.400 persoas, un 0,9% máis.

A ocupación medrou no trimestre tanto en Galicia como no conxunto do Estado; en Galicia o fixo en 18.500 persoas e en España o incremento da poboación ocupada foi de 333.800 persoas, o que supón en ambos casos un incremento do 1,7%. En termos interanuais, o incremento da ocupación foi próximo pero inferior ao rexistrado a nivel estatal (incremento do 2,1% en Galicia fronte ao 2,4% rexistrado en España nos últimos 12 meses). A taxa de ocupación galega, pola súa banda, acadou o 47,1%, un incremento superior en 0,8 puntos porcentuais a do trimestre anterior, e nun 1% porcentaxe ao do segundo trimestre de 2018, pero inferior en 3,4 puntos á española, taxa que superou neste trimestre o 50% por primeira vez desde o cuarto trimestre de 2008.

Para rematar coa análise da EPA do trimestre, o paro diminuíu en Galicia en -13.600 persoas respecto ao trimestre pasado, (un -8,8%), e en -34.700 persoas nos últimos doce meses (un -19,8%), sendo Galicia a terceira Comunidade na que, segundo a EPA, máis se reduciu o número de parados nos últimos 12 meses. A taxa de paro fica pois no 11,3%, inferior en 2,7 puntos porcentuais á da media española (o 14%), co cal prosegue e mesmo se acelera a tendencia á baixa desta variable observada en trimestres anteriores.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2019

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.239,1	5,0	0,4	-11,7	-0,9
España	23.035,5	210,2	0,9	201,4	0,9

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

Durante o segundo trimestre de 2019 continuou a diminución do paro rexistrado en Galicia. En termos interanuais, o paro rexistrado reduciuse neste trimestre con maior intensidade que no trimestre anterior (con taxas de redución próximas ao -9% fronte a taxas por debaixo do -8% no primeiro trimestre) pero con menor intensidade que no segundo trimestre de 2018 (no que as ditas taxas ficaron por riba do -10%). No que respecta á evolución por sexos, se ben en termos absolutos o paro reduciuse máis entre as mulleres que entre os homes neste trimestre, o número de paradas rexistradas supera ao de parados homes case nun 40%, con reducións porcentuais en termos interanuais maiores para os homes nos tres meses analizados.

Por rangos de idade, e en termos relativos, a redución do paro rexistrado foi máis intensa para o colectivo entre 30 e 44 anos, e menos intensa para o de maiores de 44 anos. O análise por sectores de actividade amosa unha diminución máis intensa no sector da construción, con porcentaxes que superan amplamente o -15% en termos interanuais nos tres meses analizados, seguido do sector de persoas sen emprego anterior, con porcentaxes que varían entre o -9% e o -10%. No sector da construción, a redución do paro rexistrado está en liña coa redución media, mentres que a redución para o sector servizos e o agrícola-pesqueiro fica lixeiramente por baixo da redución media interanual observada.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 2º Trimestre 2019

2T2019	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
TOTAL	166.226	160.805	155.249	-4.615	-5.421	-5.556	-2,7%	-3,3%	-3,5%	-16.065	-15.891	-14.816	-8,8%	-9,0%	-8,7%
Homes	70.068	67.233	64.898	-2.230	-2.835	-2.335	-3,1%	-4,0%	-3,5%	-8.005	-7.846	-6.907	-10,3%	-10,5%	-9,6%
Mulleres	96.158	93.572	90.351	-2.385	-2.586	-3.221	-2,4%	-2,7%	-3,4%	-8.060	-8.045	-7.909	-7,7%	-7,9%	-8,0%
<30 anos	21.478	20.512	18.836	-996	-966	-1.676	-4,4%	-4,5%	-8,2%	-2.260	-2.036	-2.035	-9,5%	-9,0%	-9,8%
entre 30 e 44 anos	55.023	52.668	50.464	-2.260	-2.355	-2.204	-4,0%	-4,3%	-4,2%	-7.414	-7.586	-7.043	-11,9%	-12,6%	-12,2%
>44 anos	89.725	87.625	85.949	-1.359	-2.100	-1.676	-1,5%	-2,3%	-1,9%	-6.391	-6.269	-5.738	-6,7%	-6,7%	-6,3%
Agricultura e Pesca	6.128	5.880	5.576	-242	-248	-304	-0,7%	-4,0%	-5,2%	-545	-532	-298	-8,2%	-8,3%	-5,1%
Industria	18.782	18.138	17.575	-644	-563	-563	-1,3%	-3,4%	-3,1%	-1.885	-1.650	-1.640	-9,1%	-8,3%	-8,5%
Construción	13.706	13.113	12.746	-593	-367	-367	-2,0%	-4,3%	-2,8%	-3.214	-2.895	-2.560	-19,0%	-18,1%	-16,7%
Servizos	113.202	109.470	105.707	-3.991	-3.763	-3.763	-3,4%	-3,3%	-3,4%	-8.931	-9.388	-8.769	-7,3%	-7,9%	-7,7%
Sen emprego anterior	14.408	14.204	13.645	-59	-204	-559	-0,4%	-1,4%	-3,9%	-1.490	-1.426	-1.549	-9,4%	-9,1%	-10,2%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

Logo de que durante os catro trimestres de 2018 o incremento interanual de contratos asinados oscilase entre o 5% e o 7,5%, no primeiro trimestre deste ano xa se viña rexistrando un incremento no número de novos contratos case nulo (o 0,7%) e no segundo trimestre se produce, por primeira vez nos últimos catorce trimestres, unha diminución na contratación en termos interanuais. En termos intertrimestrais, asináronse un 9,2% máis contratos no segundo trimestre de 2019 que no primeiro. Cómpre sinalar que o análise dos datos mes a mes indica que o descenso no número de contratos asinados é maior segundo vai avanzando o ano.

No que respecta ao comportamento por sexos, a sinatura de novos contratos foi maior para as mulleres que para os homes, de xeito que no caso das mulleres o trimestre rexistrou crecemento interanual, aínda que cativo, do número de novos contratos. Por intervalos de idade, o tramo de entre 30 e 44 anos é o único que presenta taxas negativas en termos interanuais (-4,1%) e tamén rexistra o menor incremento de novos contratos en taxas intertrimestrais. Por sectores de actividade, e no que atinxe á comparación co trimestre anterior, é o sector servizos o único que rexistra incremento da contratación (12,3%), con reducións desta no resto de sectores entre o -1% e o -4%. Na comparativa de datos interanuais, o sector servizos aportou practicamente o mesmo número de novos contratos con respecto ao segundo trimestre de 2018 mentres que se rexistrou redución nos restantes sectores, con especial intensidade no sector industrial, cunha redución interanual de novos contratos asinados do -8,4%. No que se refire ao tipo de contrato asinado, a sinatura de novos contratos incrementouse para todos os tipos en termos intertrimestrais, e reduciuse para todos en termos interanuais.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 2º Trimestre 2019

2T2019	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	%Var. trimestre año anterior
	277.954	23.250	9,1%	-3.749	-1,3%
Homes	145.792	11.188	8,3%	-4.907	-3,3%
Mulleres	132.162	12.062	10,0%	1.158	0,9%
<30 anos	91.518	11.109	13,8%	223	0,2%
entre 30 e 44 anos	114.117	6.919	6,5%	-4.880	-4,1%
>44 anos	72.319	5.222	7,8%	908	1,3%
Indefinido	22.282	317	1,4%	-1.967	-8,1%
Temporal	252.275	22.412	9,8%	-498	-0,2%
Prácticas / Formación	1.307	34	2,7%	-549	-29,6%
Otros	2.090	487	30,4%	-735	-26,0%
Agricultura e Pesca	7.286	-138	-1,9%	-59	-0,8%
Industria	37.449	-348	-0,9%	-3.454	-8,4%
Construción	12.063	-526	-4,2%	-584	-4,6%
Servizos	221.156	24.262	12,3%	348	0,2%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Economía, Emprego e Industria

Os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social para o segundo trimestre do ano seguen a amosar crecemento da afiliación en Galicia e en España, se ben o ritmo de crecemento estase a reducir en termos interanuais, tanto en termos absolutos como porcentuais. En termos absolutos, a afiliación en Galicia mantense por riba do millón de persoas afiliadas, e en España superáronse os 19 millóns e medio de persoas afiliadas no mes de xuño. En termos porcentuais, Galicia e unha das comunidades nas que a afiliación está a medrar máis lentamente, superando tan só a Asturias, Castela e León e Cantabria. O incremento porcentual interanual en Galicia fica entre 7 e 8 décimas menos intenso que no conxunto do Estado a pesar da redución do ritmo de crecemento observada en España.

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 2º Trimestre 2019

	Afiliações media 2º Trim 2019			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
Galicia	1.010.592	1.018.406	1.025.193	6.187	7.814	6.787	0,62%	0,77%	0,67%	21.176	20.314	18.694	2,14%	2,04%	1,86%
España	19.230.362	19.442.113	19.517.697	186.786	211.751	75.584	0,98%	1,10%	0,39%	551.901	526.445	510.707	2,95%	2,78%	2,69%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridad Social)

Sinistralidade

A sinistralidade laboral mantén nos tres primeiros meses de 2019 a tendencia alcista iniciada no segundo semestre de 2016, ao aumentar o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo nun 2,7%. Con respecto ao primeiro trimestre de 2018, a principal novidade é o incremento dos accidentes mortais, e a lixeira redución nos accidentes graves respecto ao primeiro trimestre do 2018.

Obsérvase un comportamento dispar entre sectores. Así, mentres que o número de accidentes na construción rexistra un marcado incremento dos accidentes leves, no sector servizos estes rexistran números moi similares aos do trimestre de referencia. Porén, é neste sector no que os accidentes graves e mortais rexistran un crecemento maior. O sector agrícola-pesqueiro ten un comportamento conxunto similar ao do primeiro trimestre de 2018. Para rematar, o sector industrial presenta redución de accidentes leves e graves, e un accidente mortal máis dos que se produciron nos tres primeiros meses de 2018.

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Marzo 2018/2019)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var
Agricultura	291	282	-3,1	15	12	-20,0	2	1	-50,0	308	295	-4,2
Pesca	251	262	4,4	11	11	0,0	1	0	-100,0	263	273	3,8
Industria	2.056	2.046	-0,5	30	27	-10,0	1	2	100,0	2.087	2.075	-0,6
Construción	780	941	20,6	21	22	4,8	2	2	0,0	803	965	20,2
Servizos	3.142	3.168	0,8	38	40	5,3	2	5	150,0	3.182	3.213	1,0
Total	6.520	6.699	2,7	115	112	-2,6	8	10	25,0	6.643	6.821	2,7

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Pola contra, no que respecta aos índices de incidencia, rexistrase unha evolución diferente, cunha marcada diminución dos accidentes leves e graves en todos os sectores salvo o pesqueiro, se ben o comportamento dos accidentes mortais segue a ser negativo tomando estes índices como referencia debido ao incremento de accidentes mortais na industria e no sector servizos. A diferenza do que sucede cos datos do número de accidentes con baixa, no que respecta aos índices de incidencia o mellor comportamento por sectores da actividade o presenta a construción, onde a redución do índice supera o -20% para os accidentes leves, e o -30% para os graves e mortais.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Marzo 2018/2019)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var	2018	2019	% Var
Agricultura	945,4	832,8	-11,9	48,7	35,4	-27,3	6,5	3,0	-54,6	1.000,6	871,2	-12,9
Pesca	1.352,6	1.421,2	5,1	59,3	59,7	0,7	5,4	0,0	-100,0	1.417,3	1.480,9	4,5
Industria	1.588,3	1.416,1	-10,8	23,2	18,7	-19,4	0,8	1,4	79,2	1.612,3	1.436,2	-10,9
Construción	1.531,5	1.222,6	-20,2	41,2	28,6	-30,7	3,9	2,6	-33,8	1.576,6	1.253,8	-20,5
Servizos	541,6	442,3	-18,3	6,6	5,6	-14,8	0,3	0,7	105,9	548,5	448,6	-18,2
Total	805,1	676,7	-16,0	14,2	11,3	-20,4	5,3	3,9	12,8	820,3	689,0	-16,0

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para os catro primeiros meses de 2019, en Galicia leváronse a cabo 36 folgas, o que supón un incremento dun 89,5% fronte as do mesmo período do ano anterior, incremento que, aínda que de xeito menos acusado, tamén se observa en España (un 38,5% máis). No relativo á participación nas folgas, en Galicia obsérvase un incremento, aínda máis acusado que o do número de conflitos, do 118,8%, cousa que non ocorre a nivel nacional, onde o número de persoas traballadoras participantes en folgas reduciuse en máis dun -40% pese ao incremento no número de conflitos. As xornadas non traballadas reducíronse tamén tanto en Galicia como en España (nun -11,0% e nun -9,5%, respectivamente). Deste xeito, a modo de resume, pódese afirmar que en Galicia, se ben incrementouse de xeito notable o número de conflitos e o número de persoas traballadoras que participaron nelas, a duración das folgas reduciuse respecto ao ano anterior.

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Abril 2019

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	36	17	8.412	4.568	16.883	-2.077
España	331	92	84.379	-58.069	206.465	-21.542

Estatística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

(datos provisionais)

Expedientes de regulación de emprego

Durante o ano 2018 rexistrouse unha diminución do -22% dos expedientes de regulación de emprego presentados respecto do ano anterior. Este descenso afectou a todos os tipos de medida reguladora e, coa excepción dos ERE suspensivos no sector pesqueiro, tamén afectou a todos os sectores de actividade. Os expedientes por redución de xornada foron os que máis diminuíron, facéndoo en máis dun tercio, mentres que os de despedimentos colectivos foron os que menos o fixeron. Por sectores, o antes citado sector pesqueiro foi o único no que os expedientes totais se incrementaron, mentres que todos os demais sectores reduciron o número de expedientes. O fixo con especial intensidade o sector da construción, na que a dita redución superou o 60%

Pola contra, no que atinxe ao número de persoas traballadoras afectadas, en 2018 o número de afectados e afectadas foi de máis do dobre que en 2017 (un 110% máis). O impacto deste incremento foi especialmente destacado entre os traballadores homes, pois o número de afectados por ERE incrementouse un 157%, mentres que o incremento entre as mulleres traballadoras foi dun 22%. O ano pasado, o 79% das persoas traballadoras afectadas por ERE foron homes. A diminución de persoas afectadas por redución de xornada, pese a ser destacada (-39%) non foi suficiente para compensar os incrementos de persoal afectado por despedimentos colectivos, e suspensión de contratos (as persoas traballadoras afectadas por estes últimos incrementáronse nun 154%)

Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, Xaneiro-Decembro 2017-2018

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2017	2018	%Var.	2017	2018	%Var.	2017	2018	%Var.	2017	2018	%Var.
Agricultura	0	0	0,0%	1	0	0,0%	0	0	0,0%	1	0	-----
Pesca	3	1	-66,7%	16	25	56,3%	0	0	0,0%	19	26	36,8%
Industria	14	14	0,0%	26	20	-23,1%	11	6	-45,5%	51	40	-21,6%
Construción	3	2	-33,3%	15	7	-53,3%	10	2	-80,0%	28	11	-60,7%
Servizos	20	18	-10,0%	39	28	-28,2%	47	37	-21,3%	106	83	-21,7%
TOTAL	40	35	-12,5%	97	80	-17,5%	68	45	-33,8%	205	160	-22,0%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

Custos laborais e salariais

Despois de que o último trimestre de 2018 rachara coa tendencia alcista dos custos laborais e salariais observada ao longo dos dous últimos anos, o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes incrementouse nun 1,8% en termos interanuais no primeiro trimestre de 2019, segundo a *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE, acadando un total de 2.318,0€. O valor medio do custo salarial, pola súa banda, acadou os 1.663,0€, o que supón un incremento do 0,6% en termos interanuais.

No relativo aos custos por hora efectiva, no 1º trimestre de 2019 tamén se rexistraron incrementos en cómputo interanual tanto no custo laboral por hora efectiva (1,8%) como no custo salarial por hora efectiva (0,6%). Tanto os custos laborais como os salariais aumentaron por riba da media estatal en termos interanuais.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2013-2019

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.663,0	2,0	12,4	0,6

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

No segundo trimestre de 2019 constituíronse 962 sociedades mercantís, dato que supón un descenso do -15,5% no número de sociedades constituídas no 1º trimestre e do -15,7% respecto ao 2º trimestre de 2018. Este descenso na constitución de novas sociedades non se ve reflectido no seu capital de constitución, que é case o mesmo que o aportado polas sociedades creadas no trimestre pasado, e supera con moito ao aportado no mesmo trimestre de 2018, trimestre no que o capital aportado polas sociedades constituídas naquel momento foi moito menor do habitual.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2019

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	962	113.013,3	-177	-1,6%	-179	341,5%
Sociedades que ampliaron capital	318	210.455,9	-78	27,0%	24	132,7%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

O número de sociedades que ampliaron capital reduciuse nun -19,9% respecto ao 1º trimestre e incrementouse no 8,2% respecto do acontecido no segundo trimestre do ano anterior. Tendo en conta o capital de ampliación das sociedades, de novo a comparación resulta favorable para o trimestre que acaba de rematar, con incrementos importantes tanto respecto ao trimestre pasado como respecto do segundo trimestre de 2018.

No que atinxe á disolución de sociedades mercantís, rexistráronse 327, o que supón unha redución superior ao -41% das disolucións con respecto ao trimestre pasado e un incremento de máis dun 34% con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. No que se refire ás reducións de capital, tamén se observa unha redución importante con respecto ao primeiro trimestre (por riba do -35%) e un incremento, aínda que só dun 5%, no número de sociedades que reducion capital no trimestre respecto ao segundo trimestre de 2018.

Tamén se rexistraron 13 procesos de fusión e dous de escisión de sociedades e 57 sociedades entraron en situación concursal, o que supón 18 menos que no trimestre anterior e unha máis que no 2º trimestre de 2018.

Sociedades mercantís disoltas, que reducen capital ou en situación concursal, 2º Trimestre 2019

	2T19	1T19	2T18
Sociedades disolvidas	327	555	243
Sociedades que reducion capital	62	96	59
Sociedades en situación concursal	57	75	56

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o primeiro semestre de 2019 rexistráronse 54 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA, dúas máis que as que tiveron entrada no primeiro semestre do ano pasado. A porcentaxe de acordos respecto das mediacións e arbitraxes rematadas neste período acadou o 82%. Ademais, durante o segundo trimestre proseguíu a actividade do Consello con xuntanzas na procura da sinatura de diversos convenios de sector. Como resultado desta actividade, asinouose o novo Convenio colectivo para o sector de ambulancias, así como o I Convenio colectivo de ámbito galego do sector de salas de exhibición cinematográfica.

En canto a súa función consultiva, a 30 de xuño a Comisión de ditames informou sobre 18 proxectos de orde no eido laboral

Na súa labor no fomento do debate sobre temas laborais de actualidade, o Consello levou a cabo catro xornadas sobre *Tecnoloxía da Comunicación e novas formas de traballo*, un seminario formativo para cadros sindicais e laborais e unha xornada de traballo con árbitros e mediadores colaboradores co sistema extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA) do Consello Galego de Relacións Laborais, cunha presenza total por riba dos 250 asistentes.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello:
<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

(<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>)

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

